

INSTITUTO DE SEGURIDADE  
E SAÚDE LABORAL DE GALICIA

[issga.xunta.gal](http://issga.xunta.gal)

ENFERMIDADES  
PROFESIONAIS



MARISCADORAS

XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE  
INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA (ISSGA)

Edición:


**Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA).**

Autoría:

**Persoal técnico do ISSGA: M<sup>a</sup> Nieves Lorenzo Espeso e Adela Quinzá-Torroja García.**

Santiago de Compostela, 2023.

Depósito legal: C 1595 -2023.



© ISSGA. Xunta de Galicia.

Esta obra está dispoñible para a súa consulta e descarga na seguinte ligazón: [issga.xunta.gal](https://issga.xunta.gal)

Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución-Compartirlgual 4.0 España de Creative Commons.

Para ver unha copia da licenza, visite:

[https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.es\\_ES](https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.es_ES)

# Son mariscadora, como podo colaborar co meu médico para facer aflorar as enfermidades profesionais recoñecidas legalmente na miña actividade e que non se traten como enfermidades comúns?

---

Con este pequeno documento, o ISSGA, en colaboración con ANMUPESCA, quere sensibilizar e difundir a necesidade dunha mellor identificación das enfermidades profesionais (EP) recoñecidas legalmente ás mariscadoras. A modo de exemplo, pódense mencionar como riscos laborais que producen eses danos: os movementos repetitivos, as posturas forzadas, a manipulación de cargas, a aplicación de forzas, a humidade etc.

---

**É importante que as mariscadoras na consulta médica informen do seu oficio e en que medio e condicións de traballo o realizan. Esta información axudará o profesional médico a valorar se se trata dunha EP.**

---

Nos seguintes puntos dáse resposta a cuestións que xeran dúbidas tanto no colectivo como nos profesionais que coidan da súa saúde.

## ENFERMIDADES PROFESIONAIS

---

- Cales son as EP recoñecidas ás mariscadoras e cal é a súa codificación CEPROSS<sup>1</sup>?
- Quen lles presta ás mariscadoras a asistencia sanitaria cando se trata dunha EP?
- Que entidade é a responsable de cubrir e tramitar o parte de EP?
- Que pode facer a mariscadora se non lle recoñeceron (ISM ou mutua) como EP a súa enfermidade e considera que cumpre todos os requisitos?

## SOSPEITA DE EP

---

- Quen pode comunicar que a miña enfermidade pode ser unha sospeita de EP?

Participación do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA)

---

<sup>1</sup> Aplicación informática CEPROSS (Comunicación de Enfermidades Profesionais, Seguridade Social).

# ENFERMIDADES PROFESIONAIS

## Cales son as EP recoñecidas ás mariscadoras e cal é a súa codificación CEPROSS?

Considéranse EP ás enfermidades que están incluídas no anexo 1 do Real decreto 1299/2006, do 10 de novembro, polo que se aproba o cadro de enfermidades profesionais no sistema da Seguridade Social e se establecen criterios para a súa notificación e rexistro. A súa inclusión está baseada na exposición da persoa traballadora ao risco, sendo as actividades que aparecen na listaxe indicativas, non exhaustivas nin exclusivas. Na **TÁBOA 1** detállanse estas EP.

<b>TÁBOA 1. AS EP QUE PODEN DESENVOLVER AS MARISCADORAS E O SEU CÓDIGO CEPROSS.</b>			
<b>GRUPO ENFERMIDADE PROFESIONAL</b>	<b>AXENTE</b>	<b>SUBAXENTE</b>	<b>CÓDIGO DA ENFERMIDADE PROFESIONAL CEPROSS</b>
<b>GRUPO 2.</b> ENFERMIDADES PROFESIONAIS CAUSADAS POR AXENTES FÍSICOS	<b>Axente C.</b> Enfermidades provocadas por <b>posturas forzadas e movementos repetitivos</b> no traballo; enfermidades das bolsas serosas debida á <b>presión</b> , celulite subcutánea.	Subaxente 01. <b>Bursite crónica</b> das sinoviais ou dos tecidos subcutáneos das zonas de apoio dos xeonllos.	<b>2C0101</b>
	<b>Axente D.</b> Enfermidades provocadas por <b>posturas forzadas e movementos repetitivos</b> no traballo; enfermidades por <b>fatiga e inflamación</b> das vaiñas tendinosas, de tecidos peritendinosos e insercións musculares e tendinosas.	Subaxente 01. Ombreiro: <b>patoloxía tendinosa crónica do manguito</b> dos rotadores.	<b>2D0101</b>
		Subaxente 02. Cóbado e antebraço: <b>epicondilite e epitrocleíte.</b>	<b>2D0201</b>
		Subaxente 03. Pulso e man: <b>tendinite do abductor longo e extensor curto do polgar (T. de Quervain), tenosinovite estenosante dixital (dedo en resorte), tenosinovite do extensor longo do primeiro dedo.</b>	<b>2D0301</b>
	<b>Axente E.</b> Enfermidades provocadas por <b>posturas forzadas e movementos repetitivos</b> no traballo.	Subaxente 01. <b>Arrancamento por fatiga das apófises espiñentas.</b>	<b>2E0101</b>
	<b>Axente F.</b> Enfermidades provocadas por <b>posturas forzadas e movementos repetitivos</b> no traballo: <b>parálise dos nervios</b> debidos á presión.	Subaxente 01. <b>Síndrome da canle epitrocleo-olecraniana</b> por compresión do nervio cubital no cóbado.	<b>2F0101</b>
		Subaxente 02. <b>Síndrome do túnel carpiano</b> por compresión do nervio mediano no pulso.	<b>2F0201</b>
		Subaxente 03. <b>Síndrome do canal de Guyon</b> por compresión do nervio cubital no pulso.	<b>2F0301</b>
		Subaxente 04. <b>Síndrome de compresión do ciático poplíteo externo</b> por compresión deste a nivel do colo do peroné.	<b>2F0401</b>
		Subaxente 05. <b>Parálise dos nervios do serrato maior, angular, romboides, circunflexo.</b>	<b>2F0501</b>
Subaxente 06. <b>Parálise do nervio radial</b> por compresión.		<b>2F0601</b>	
<b>GRUPO 3.</b> ENFERMIDADES PROFESIONAIS CAUSADAS POR AXENTES BIOLÓXICOS	<b>Axente D.</b>	Subaxente 01. Enfermidades infecciosas e parasitarias non recollidas noutros puntos: <b>micose, leixonella e helmintíase.</b>	<b>3D0104</b> <b>3D0107</b>

## Quen lles presta ás mariscadoras a asistencia sanitaria cando se trata dunha EP?

As mariscadoras poden ter aseguradas as continxencias profesionais cunha das seguintes entidades, que será a que prestará a asistencia sanitaria:

- O persoal médico de Atención Primaria do SERGAS, cando a entidade xestora é o ISM.
- O persoal médico da mutua coa que se teñan aseguradas as continxencias profesionais.

Este persoal médico terá que realizar un estudo médico da enfermidade para establecer o diagnóstico definitivo e confirmar ou non a orixe laboral da EP. Para iso, pode iniciar o que se denomina “un período de observación por EP”.

Dese estudo médico pode resultar que a persoa precise unha baixa médica ou poida continuar coa súa actividade.

---

**No caso de necesitar unha baixa médica, o persoal facultativo cubrirá o parte médico da baixa de incapacidade temporal (IT) e marcará con “X”, ben o recadro de enfermidade profesional (EP) ou a de período de observación por EP e ademais cubrirá o recadro da entidade emisora que corresponda (ISM ou mutua), tal e como se observa na figura 1.**

---

Figura 1. Parte médico de baixa de IT por enfermidade profesional.

PARTE MÉDICO DE BAIXA/ALTA DE INCAPACIDADE TEMPORAL		ENTIDADE EMISORA
Tipo de continxencia	Enfermidade común (EC) <input type="checkbox"/>	SPS <input type="checkbox"/>
	Accidente non laboral (ANL) <input type="checkbox"/>	INSS/ISM <input type="checkbox"/>
	Accidente de traballo (AT) <input type="checkbox"/>	MUTUA <input type="checkbox"/>
	Enfermidade profesional <input checked="" type="checkbox"/>	EMPRESA COLABORADORA <input type="checkbox"/>
	Período de observación por enfermidade profesional <input checked="" type="checkbox"/>	

## Que entidade é a responsable de cubrir e tramitar o parte da EP?

A entidade responsable de elaborar e tramitar o parte da EP, a través da aplicación informática CEPROSS por vía electrónica, será ben o **ISM (cando sexa a entidade xestora) ou a mutua** coa que se teñan aseguradas as continxencias profesionais.

O procedemento para a súa tramitación regúlase na Orde TAS/1/2007, do 2 de xaneiro, pola que se establece o modelo de parte de enfermidade profesional, se ditan normas para a súa elaboración e transmisión e se crea o correspondente ficheiro de datos persoais.

## Que pode facer a mariscadora se non lle recoñeceron (ISM ou mutua) como EP a súa enfermidade e considera que cumpre todos os requisitos?

Se non está conforme, pode iniciar un procedemento administrativo de **determinación de continxencia** nos procesos de Incapacidade temporal (IT) ante o ISM.

O modelo de solicitude pódese descargar desde a Sede electrónica da Seguridade Social **sede.seg-social.gob.es**, tanto con certificado dixital como con Cl@ve permanente, ou da páxina web.

Cómpre indicar que o ISM ten á disposición unha aplicación para teléfono móbil denominada **ISM en tu bolsillo** dende a que se pode presentar calquera solicitude ou documento dirixido ao ISM cumprindo os requisitos esixidos.



# SOSPEITA DE EP

## Quen pode comunicar que a miña enfermidade profesional pode ser unha sospeita de EP?

- O **personal facultativo do SERGAS** (atención primaria ou hospitalaria), que detecte nunha redeira unha patoloxía posiblemente relacionada coa súa actividade laboral, das incluídas no anexo 1 do Real decreto 1299/2006, que pode ser cualificada como profesional, ou ben das recollidas no anexo 2, e cuxa orixe profesional se sospeita, deberao comunicar para o seu rexistro á Inspección de Servizos Sanitarios a través de IANUS (figura 2).
- Os **facultativos do Servizo de Prevención** de Riscos Laborais para as traballadoras a cargo da mariscadora desde embarcación autónoma, sempre que esta concertase a vixilancia da saúde.

Para estes profesionais, a obriga de comunicación está recollida no artigo 5 do citado real decreto.

Ademais, para as mariscadoras que embarcan e con base no artigo 12 do Real decreto 1696/2007, polo que se regulan os recoñecementos médicos de embarque marítimo, estará obrigado a comunicar a sospeita de EP o **personal médico recoñecedor adscrito ao Servizo de Sanidade Marítima** do ISM.

Figura 2. Web SERGAS: información comunicación de sospeita de EP.

The screenshot shows the SERGAS website interface. At the top, there is a navigation bar with the logo of the 'SERVIZO GALEGO DE SAÚDE' and the text 'Galego Castellano'. Below this is a search bar with the text 'Fai a túa busca...'. The main content area is titled 'COMUNICACIÓN DE SOSPEITA DE ENFERMIDADE PROFESIONAL'. It contains several sections: 'Que é?', 'Por que?', 'Quen e como se comunica?', and 'Que se comunica?'. On the right side, there is a 'LIGAZONS ASOCIADAS' section with links to 'Rd 1299/2006 de enfermidades profesionais', 'Formulario de comunicación de sospeita', 'Art 5 do Rd 1299/2006, de comunicación de enfermidades profesionais', and 'Guía de Axuda para a Valoración das ENFERMIDADES PROFESIONAIS do INSS'. At the bottom, there is a footer with the logo of 'XUNTA DE GALICIA' and various links like 'Atención á cidadanía', 'Accesibilidade', 'Aviso legal', 'Mapa do portal', 'Contacte', 'Transparencia e Goberno Aberto', and 'RSS'.



# PARTICIPACIÓN DO ISSGA NO PROCEDEMENTO DA COMUNICACIÓN DA SOSPEITA DE EP

---


Para o ISSGA, o colectivo de mariscadoras e doutras mulleres do mar son de actuación prioritaria e preferente no exercicio das súas funcións como órgano técnico- científico especializado en prevención de riscos laborais e promoción da saúde no traballo. Destacan entre as súas actuacións as seguintes:


- Investiga as comunicacións de sospeita de EP e emite informe á Inspección Sanitaria da Consellería de Sanidade.
- Promove accións informativas e de sensibilización para unha continua actualización do persoal médico respecto ao deber de comunicación da sospeita de EP.
- Colabora coas asociacións de mariscadoras en todos os ámbitos que poden mellorar a súa saúde laboral, a través de xornadas informativas, campañas de sensibilización, elaboración de documentos técnicos, estudos de saúde laboral do colectivo e en todas aquelas cuestións nas que observamos ou nos demanden a necesidade de asesoramento ou de calquera outra intervención.
- Resposta ás demandas e colaboracións solicitadas pola Consellería do Mar.

**Para iso, poñemos á súa disposición:**

 [issga.xunta.gal](http://issga.xunta.gal)

 [issga.direccion@xunta.gal](mailto:issga.direccion@xunta.gal)

 981 957 018 / 981 182 308



O contido deste documento pode servir de información útil para outras mulleres do sector pesqueiro, a modo orientador, xa que pode variar o código das EP en función dos riscos da actividade.



**ISSGA.XUNTA.GAL**

ENFERMIDADES PROFESIONAIS  
MARISCADORAS



INSTITUTO DE  
SEGURIDADE E SAÚDE  
LABORAL DE GALICIA

